

Bispo auxiliar

José Luís Alonso

Autor para correspondencia: dospadrons@yahoo.es

Como citar este artigo: José Luís Alonso (2023): Bispo auxiliar. *Revista Estudos Miñoráns* 23: 113-114

O ilustrísimo señor don Enrique de Ledesma Flores de Sequeros, natural de Fuentesauco e vigairo xeral da diocese de Tui a finais do XVIII, recibira ampla formación eclesiástica no Seminario Conciliar de Segovia, onde destacou polas súas habilidades de mediación e mesurada ambición. Xa ordenado, continuou estudos de dereito e teoloxía en Salamanca, como correspondía a quen non se conformaba cunha humilde vigairía. Sobriño do Deán da catedral de Zamora e con relación de amizade familiar co reverendo Alonso Marcos de Llanes Argüelles, recién nomeado arcebispo de Sevilla, non tiña máis que deixar pasar o tempo para acadar a mellor posición na terna, proposta pola nunciatura, que elixiría o futuro bispo de Zamora, cargo no que puxera os ollos dende o momento da súa ordenación. Desprazado a Tui por petición propia, acomodouse como vigairo xeral coa pretensión de ir acadando experiencia no manexo cotiá dunha diocese mediana. O bispo, Reverendo D. Isidoro Lemos, íalle cedendo pouco a pouco aquelas funcións relacionadas coas parroquias, máis centrado el na relación coa curia diocesana e en resolver as tensións xurdidas no cabido.

Neses tempos non estaba particularmente tranquila a parroquia de Morgadáns no que respecta ó clero e á súa relación cos fregueses. A pretensión do agregado de Prado de constituírse en parroquia e as discrepancias

polo nomeamento dun cura adscrito que non se levaba ben co titular, xeraron friccións persoais que forzaron a actuación episcopal.

Por indisposición do titular, xa idoso de por si, foi don Enrique de Ledesma, coñecido na cidade miñota polo alcume do Tentemozo, o que se dispuxo a facer a visita. Armado cos informes de contas e a correspondencia mantida co párroco de Morgadáns, partiu coa intención de cabalgar as case dúas leguas de distancia en pouco máis dunha hora, montado na egua propia e sen compañía, co fin de non demorar. Xantaría na rectoral de Morgadáns co señor abade, convencido de poder levar as cousas ó rego.

Madrugou e, para atallar, colleu o camiño de Frinxo e de alí, polas verdes abas do Aloia, torceu cara á Furna. Percorreu a paso os estreitos e fondos camiños de ferradura que serpeaban entre os escarpados outeiros e os cantareiros regueiros. Abstraído nos seus pensamentos, case non reparou na magnífica paisaxe que o Miñor ofrecía ós seus pés. Pouco antes do San Martiño, o cabalo comezou a amosar desacougo e a revirarse, polo que O Tentemozo considerou que era o momento de facer unha paradiña e baixou do estribo. Aínda non puxera o pé no chan, cando tres encapuchados, a voces e arrempuxóns, remataron co reverendo polo chan. —Valédeme! -suplicou. Ó notar as frías tacholas



e o peso dunha zamanca remachada na caluga, encomendouse a Deus e comezou un credo. Aínda ía nas primeiras palabras, cando notou que lle riparon o cartafol onde levaba a correspondencia, mentres que lle preguntaban onde gardaba os cartos. —Non levo nada! -atinou a dicir.

Non houbo máis palabras, salvo os laios de D. Enrique, mentres, sen miramentos, lle quitaban a vestimenta, sotana incluída, menos o calzón de liño, que en atención á súa dignidade respectaron. Cargaron a roupa na egua e fóronse con todo, deixando a súa ilustrísima mergullado nas propias bágoas mentres expresaba ao ceo o agradecemento por salvar a vida.

Desviouse do camiño para achegarse presto á Cerdeira, en Prado, onde, vendo roupa nun tendal, non dubidou en coller uns descoridos e remendados pantalóns e unha camisa branca para saír do apuro e salvar o decoro. Aínda non superara a cintura do pantalón a súa parte máis púdica, cando unha chuvia de paus lle caíu polo lombo. Mentres o seu magoado corpo caía ó chan ao tempo que berraba:

—Son o vigairo xeral de Tui! Detédevos, canalla infame!- Ninguén lle fixo caso e alí mesmo sufriu tormento a base de paus, patadas e algunha pedrada, ata que o presunto ladrón se esvaeceu. A sorte foi que co balbordo, entre os moitos veciños que se achegaron, estaba o sancristán que o recoñeceu. Ao velo, interpúxose e a arrempuxóns ameazou: —Parade, brutos, que vos condenades!- As palabras do sancristán foron acougando o tumulto mentres rescataba a aldraxada persoa do vigairo xeral poñendo así fin ao linchamento.

A montura nunca máis apareceu, nin se recuperou a roupa. Tampouco se produciu a secesión, en cumprimento das expresas ordes por escrito do puño e letra de don Enrique de Ledesma, que establecía “prohibición a perpetuidade” de que Prado tivese parroquia.